



/ O que fixemos... / Comida de confraternización. Show-cooking Nadal.

O sábado 3 de decembro, xuntámonos no local entre 15 e 20 persoas para gozar do show-cooking do chef Jose Ramón Riestra o cal ensinounos a facer: Mexillóns con mollo de lima, risotto de cogumelos, trigueiros e gambas, pescada á sidra, solombo de porco ao estilo oriental e tiramisú.

Foinos explicando como facer cada unha das elaboracións ao mesmo tempo que podíamos ir degustando despois de cada un delas. Foi un auténtico pracer.

Asemade, foi respondendo a todas as dúbidas que ían xurdindo tanto do que estaba a cociñar como de calquera outra cousa, como por exemplo, como saber se un prato estaba salgado ou non (a pesar de que Olga o poida facer soamente mirando...).

Tamén queremos agradecer a Ángeles Barragués que foi buscar a súa casa unha bandexa para poder meter nela a elaboración do doce e tamén pola botella de viño que trouxo que fixo as delicias duns cantos.

Xa estamos desexando que chegue a seguinte demostración gastronómica!!..

Tanxedoira.

O domingo 8 de xaneiro tivemos unha comida de confraternización no mesón A Chispa, no barrio do Castrillón, posto que non puidemos celebrar o noso tradicional festival de Nadal.

Un numeroso grupo de persoas asociadas e amigas fomos para desfrutar do xantar e do máis importante: da nosa tradicional sobremesa con música, cancións, bailes e, moitas risas.

Para máis dalgún e dalgunha foi a súa primeira comida de Tanxedoira e todo o mundo ficou con ganas repetir. Iso é o que máis nos gusta! Así que... até a próxima!

Tanxedoira.



Vista xeral dos comensais

Demostración de cociña con AMC.

O sábado 21 de xaneiro, tivemos unha demostración de cociña empregando as baterías de AMC, grazas á colaboración da socia Bea Bueno.

Puidemos aprender a cociñar pratos saudábeis dun xeito moi sinxelo empregando os seus produtos. E por suposto, despois puidemos tamén probar os resultados, que a xantar non nos gaña ningún!

Tanxedoira.



Foto de rigor do grupos de asistentes



Atendendo as explicacións

Podédelas atopar en Instagram mediante o usuario @cousa_de_meigas. 📷

Tanxedoira.



Foto das integrantes de "Cousa de Meigas" cos dous vestiarios

Actuación en Vigo Porté.

Algunhas das alumnas da actividade de baile, formaron un novo grupo artístico dentro de Tanxedoira, chamado Cousa de Meigas. O pasado 1 de maio foron iniciar a súa andadura no evento Internacional de Disciplinas de Baile Vigo Porté.

Así, o grupo de valentes, posto que a maior parte delas nunca actuara en público, colleu un tren o día anterior para estaren máis descansadas e máis preto do evento. Non sabemos o que pasou nesa viaxe, mais temos claro que Fina liouna un pouco... O día 1 acudiron ao auditorio cheas de ilusión e ganas.

Demostraron cos seus bailes (*A Moura* e *Apetahí*) que a danza non ten idade e que abonda con ter paixón para conquistar calquera meta.

Como era posíbel ver a actuación de forma telemática, moito de nós estivemos pegados ás nosas pantallas para ver a súa evolución no certame, e aínda que non levaron ningún premio, para nós, foron as auténticas gañadoras.

A organización quixo agradecer o labor deste grupo de artistas cunha pequena nota de agradecemento, posto que durante a semana ao acto tiveron que preparar unha coreografía para o inicio do devandito evento, e, sen case tempo para a súa preparación, foron quen de facela.

Grazas polo voso traballo e por levar o nome de Tanxedoira pola xeografía galega.

Non esquezades seguir o seu traballo, evolución e futuros eventos a través das redes sociais.

Presentación da novela *El viaje*.

A nosa socia Rosario Barros presentou a súa última novela *El viaje*, evento que se levou a cabo na sede da casa de Aragón o pasado 22 abril e que contou cunha análise inicial a cargo de David Loureiro. Foi un acto moi emotivo.

Queremos darlle especialmente as grazas a Rosario porque estivo a repartir varias copias da súa novela entre boa parte dos nosos socios e socias.

A min, persoalmente, encantoume e xa estou desexando ler a súa seguinte obra! 📷

Tanxedoira.



Foto de Rosario Barros con algunhas das asistentes

Grupo de teatro con Hogueras de San Juan.

Como xa ven sendo habitual, o Grupo de teatro Tanxedoira colaborou coa Asociación de Hogueras de San Juan representando a zarzuela *Los Claveles* o 9 de maio no Centro Social da Sagrada Familia.

Queremos agradecer aos asistentes a súa presenza nesta fermosa velada estival de teatro. 📺

Tanxedoira.



Foto de grupo con todos os participantes

Actuación LI Aquelarre Poético

O grupo de baile Cousa de Meigas, actuou o 31 de maio no Teatro Rosalía de Castro dentro do acto de exaltación da LIII Meiga Maior e as súas Meigas de Honor, evento organizado pola Asociación de Meigas de Las Hogueras de San Juan.

Deste xeito, o noso grupo, xunto coa Escuela de Danza Carmen, abriu o acto con varios bailes que deixaron ao numeroso público asistente coa boca aberta e a nós co orgullo moi alto. 📺

Tanxedoira.



Foto durante un dos nosos bailes

Flashmob pola diversidade.

O festival DiversidArte, organizou o sábado 3 de xuño un *flashmob* na zona da Marina, detras do Teatro Rosalía de Castro. E, como non podía ser doutro xeito, nós decidimos colaborar con eles, acudindo varios socios e socias a participar neste evento.

Grazas a todos e a todas pola vosa asistencia.

Podedes ver o vídeo a través das nosas redes sociais. 📺

Tanxedoira.



Foto dalgún dos asistentes ao evento

Festival fin de curso.

O sábado 17 de xuño tivo lugar o peche de actividades do ano escolar 2022-2023 co festival fin de curso, desta vez, celebrado no centro cívico de Monelos.

Contamos coas actuacións de todas as actividades da asociación de tipo musical: acordeón, guitarra, baile, coro e rondalla, e por suposto, do noso fantástico grupo de teatro.

Por suposto, non puido faltar o noso tradicional sorteo dun agasallo. Nesta ocasión repartíronse dúas caixas de *SmartBox*. Parabéns aos gañadores!

E como non, o máis importante para nós, é o agradecemento ao labor que fan os nosos monitores e monitoras dun xeito completamente altruísta. Sen todas estas persoas, a nosa entidade non existiría.

Grazas a Tito González, Rosa Rojo, Jesús García, David Loureiro e Leticia Riestra. 📌

Tanxedoira.



Alumnado de guitarra acompañado de algúns membros do coro

Petiscos fin de curso.

A raíz dunha proposta do socio Martín López (de 12 anos de idade), o sábado 17 de xuño despois do festival de fin de curso, preparáronse algúns petiscos para compartir tempo entre todas as persoas socias e amigas.

Varios dos asistentes animáronse a aportar cousas elaboradas coas súas mellores dotes culinarias (foron moi de agradecer os doces).

Grazas a todos pola vosa asistencia. Sen vós, a nosa familia Tanxedoira non sería posíbel. 📌



Selfie de rigor neste tipo de comidas

Comida de agradecemento aos grupos artísticos.

O 18 de xuño, no restaurante Abrego do hotel NH Atlántico tivo lugar a comida de agradecemento os monitores, monitoras e compoñentes dos grupos artísticos.

Con posibilidade de acudir calquera persoa, un grupo de case 65 persoas fomos desfrutar da comida e da boa compañía. A verdade é que da comida non nos puidemos queixar, porque había cantidade, variedade e calidade. Repetiremos case seguro!

Desta vez a parte musical ficou a cargo de Chus Sánchez e Jesús García co seu ukulele, co que amenizaron a tarde até que foi hora de marchar.

Vémonos na seguinte! 📌

Tanxedoira.



Foto das mesas durante a comida de agradecemento

Actuación nocturna no Parrote.

O xoves 29 de xuño ás 23:00, o grupo de baile Cousa de Meigas estivo bailando preto dunha hora cunha serie de ritmos latinos e galegos, pechando os actos do Ciclo de Danza de Hogueras, que, ao mesmo tempo, eran o remate dos actos programados pola Asociación de Hogueras de San Juan deste ano 2023.

Queremos desde aquí agradecer ao público asistente o seu entusiasmo e apoio, porque foi moi numeroso a pesar das horas e do frío. 📌

Tanxedoira.



Participantes na actuación de baile no Parrote

Misa en honor a Santa Margarida.

Algúns membros do coro asistiron o 27 de agosto á misa en honor a Santa Margarida, que significa o peche das festas de María Pita deste ano. Grazas pola vosa asistencia. 🙏

Tanxedoira.



Membros do coro durante a súa participación no acto

Isolina na TVG.

A nosa socia, Isolina Iglesias, estivo a participar no programa da TVG *Atrápame se podes*. E nunha das súas participacións acudiu co sudadoiro da entidade e estivo a falar do labor que levamos a realizar desde fai 45 anos de xeito ininterrompido.

Moitas grazas, Isolina!

Podedes ver esta intervención de Isolina nas nosas redes sociais ou na páxina web da RTVG. 🙏

Tanxedoira.



Isolina durante a súa intervención no programa da TVG

Actuacións do grupo de Teatro.

Outro dos nosos grupos artísticos dentro da entidade é o Grupo de Teatro, que estivo a facer un grande número de actuacións ao longo deste 2023 para entreter coas súas obras os nosos maiores en diferentes residencias, como son a Residencia da Xunta (Oleiros), Residencia Domus Vi (Matogrande), Residencia La Milagrosa e Residencia García Hermanos (Betanzos).

En todas elas estiveron a facer fragmentos da zarzuela Agua, Azucarillos y Aguardiente para divertimento e alegría das persoas asistentes.

Grazas polo voso labor tan desinteresado e que tanto ben provoca. 🙏

Tanxedoira.



Momento da actuación do grupo de teatro en Domus Vi

/O que faremos.../ Inscricións actividades.

As actividades deste ano son as seguintes:

- Acordeón: luns 18:00 a 19:30
- Informática: luns 19:15 a 20:15
- Teatro: martes 19:30 a 21:30
- Baile Fitness: mércores de 19:00 a 20:00 (pode haber cambios)
- Punto de cruz e ganchillo decorativo: xoves de 18:45 a 19:45 (pode haber cambios)
- Patronaxe: xoves de 20:00 a 21:00
- Guitarra: venres 17:45 a 18:45
- Coro: venres 19:00 a 20:30
- Rondalla: venres 21:00 a 22:30

Canto ás datas de inscrición, contaremos, por unha banda, cunha opción de inscrición telemática para a xente que xa é socia da entidade. Esta opción online iniciará o luns 11 de setembro até o xoves 14, ambos inclusive. Poderedes contactar connosco a través de Whatsapp, Telegram (@ACTXD), teléfono móbil (611052456) ou correo electrónico (actanxedoira@tanxedoira.org). É importante que na vosa solicitude expoñades o voso nome, apelidos, actividades que son do voso interese e un teléfono de contacto.

Por outra banda, as persoas que aínda non son socias, poderán ir ao local, en horario de 19:00 h a 22:00 h desde o venres 15. Todas aquelas persoas que aínda non sexan socias deberán cumprimentar a ficha de inscrición, facilitar unha foto tipo carné e un número de conta en que domiciliar a cota de socia/o (30€ anuais / núcleo familiar).

O domingo 17 publicarase na nosa web a listaxe de persoas admitidas. Esta listaxe poderase consultar tamén de xeito presencial no noso local.

O curso dará comezo o luns 18 de setembro. 📍

Tanxedoira.

Convocatoria Reunión Asemblea Ordinaria e Extraordinaria

Leticia Riestra Ainsua, presidenta en funcións da Asociación Cultural Tanxedoira, coas atribucións e facultades descritas nos Estatutos da Asociación, convoca a todos/as os/as socios/as a Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria, que se celebrará o sábado día 30 de setembro ás 11:30 horas en primeira convocatoria e 12:00 horas en segunda, no local social da Asociación, sito na R/ Azahar 6-8, 1º Esqda.

A orde do día será a que segue:

1. Lectura e aprobación da acta anterior.
2. Lectura e aprobación das contas do curso 2022/2023.
3. **Elección da nova Xunta Directiva.**
4. Rogos e preguntas.

Aqueles/as socios/as que desexen propoñer a súa candidatura teñen toda a información necesaria nos estatutos da Asociación. Alén diso, terán tamén á súa disposición, para calquera aclaración, aos membros da actual directiva.

As candidaturas poderanse enviar por correo electrónico a actanxedoira@tanxedoira.org ou entregarse no local, sempre en horario de atención ao socio, a calquera membro da xunta directiva.

Queda establecida como data límite para a presentación de novas candidaturas o propio día da asemblea antes das 11:00. 📍

Tanxedoira.

Comida de "Traje"

O sábado 30 de setembro, despois da asemblea, ás 14:00, terá lugar a comida de *traje: yo traje tortilla, yo traje ensaladilla*. Teremos no local listaxes para que vos vaiades anotando indicando a vosa aportación. Lembra que non é preciso traer moita comida, posto que somos moitos aportando. Só se

precisan comida e sobremesas, xa que a bebida e o café corre pola conta de Tanxedoira. Vide para participar connosco cun xantar e unha tarde divertida. 📍

/ A destacar.../ Axenda

Tanxedoira.

Excursión Inicio Curso.

Imos retomar a excursión que non se puido levar a cabo no pasado fin de curso. Nesta ocasión, levarémola a cabo para comezar este novo coas baterías recargadas. A data elixida é o domingo 1 de outubro. Sairemos ás 9:00 da mañá desde a parada de bus do bar DinDon (rúa Camilo José Cela) e con volta arredor das 20:30.

O percorrido é o seguinte:

- Malpica de Bergantiños con visita guiada ao porto grazas ao labor da Asociación de Redeiras O Fieital. Explicarannos as zonas norte e sur, así como unha actividade para aprender a tecer redes.

- Mirador e Ermita San Hadrián.

- Faro de Punta Nariga e Laxe.

- Miradoiro de Monte Branco e praia de Balarés.

En Laxe chegaremos arredor das 14:30. Aquelas persoas que queiran levar a propia comida poden levala e xantar onde queiran. As que prefiran comer en restaurantes poderán elixir entre a grande variedade de lugares que existen en Laxe.

Despois de xantar haberá tempo libre até as 18:00 para irmos visitar o mirador de Monte Branco e a praia de Balarés. Alí aproveitaremos para merendar e posteriormente sairemos ás 20:00 para tratar de chegar sobre as 20:30.

O prezo da viaxe será de 15 euros. Mediante esta cota pagarase o transporte en bus e a visita guiada.

Tedes a partir do venres no local a listaxe para vos anotar. O prazo para se anotar rematará o mércores 27 de setembro, co fin de poder realizar os labores organizativos e loxísticos oportunos.

Animádevos a comezar o curso coñecendo a nosa terra. 📍

Tanxedoira.

📍 Sábado 9 de setembro.

LIMPEZA XERAL DO LOCAL.- No local social, a partir das 10:30

📍 Luns 11 ata xoves 14 de setembro.

INSCRIPCIÓNS TELEMÁTICAS.- Empregando medios telemáticos

📍 Venres 15 de setembro.

INSCRIPCIÓNS PRESENCIAIS.- No local social, de 19:00 a 22:00

📍 Luns 18 de setembro.

COMEZO ACTIVIDADES.- Nos lugares e horarios correspondentes

📍 Sábado 30 de setembro.

ASEMBLEA ORDINARIA E EXTRAORDINARIA.- No local social, ás 11:30 en primeira convocatoria e 12:00 en segunda.

📍 Sábado 30 de setembro.

COMIDA “DE TRAJE” INICIO DE CURSO.- No local social, desde as 14:00

📍 Domingo 1 de outubro.

EXCURSIÓN INICIO DE CURSO.- Visitando Malpica, Nariga, e Laxe entre outros.

📍 Sábado 16 de decembro.

FESTIVAL DE NADAL.- Pendente confirmar data e hora.

/ Non perdás.../

Lotaría de Nadal.

Recordamos que tedes no local décimos de lotaría co número de Tanxedoira (03002) e que tamén podedes compralos na administración de lotaría do centro comercial Carrefour de Alfonso Molina. Estarán dispoñíbeis até o sábado 10 de decembro, data a partir da cal a administración venderá este número sen ser exclusivo de Tanxedoira. Non vos esquezades e non quededes sen el!



EL SORTEO QUE NOS UNE

¿Y si cae aquí el sorteo de Navidad?

03002

ADMÓN. 44 - A CORUÑA
Carrefour - Alfonso Molina
Tlf: 981 13 46 99
www.loteriaslagrulla.es

2021 4º PREMIO NAVIDAD
2020 5º PREMIO NAVIDAD
2019 5º PREMIO NAVIDAD
2018 2º PREMIO REYES
2016 1º PREMIO REYES
2011 5º PREMIO NAVIDAD

LA GRULLA
L^OTERIAS

Aqueles maravillosos anos!



1990. Festival de Nadal.

Publicación
subvencionada pola
Deputación da Coruña.

